

Deberes do Paciente

Toda persoa que acode a un Centro Hospitalario en demanda de Atención Médica debe coñecer os Deberes que a obrigan no momento de solicitar a devandita atención.

HOSPITAL POVISA, S.A., en cumprimento da Lei 14/86 Xeral de Sanidade, Lei Galega 3/2001 sobre o Consentimento Informado e a Historia Clínica, así como da Lei 3/2005 que a modifica, da Lei Estatal 41/2002 do Consentimento Informado e da Historia Clínica e da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, e Lei 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Regulamento que a desenvolve, infórmao sobre os dereitos e deberes do paciente que acode a este Hospital, e que veñen recollidos nas Disposicións que se citan.

Deberes do Paciente

- 1.** Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- 2.** Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- 3.** Facer constar, se é o caso, por escrito, a súa negativa ao tratamento proposto polo Hospital, así como asinar a alta voluntaria que lle presentará o Hospital ante a devandita negativa.

- 4.** Facilitar os datos sobre o seu estado físico ou sobre a súa saúde de maneira leal e verdadeira, colaborando co persoal médico na súa atención.

- 5.** Aceptar a alta cando rematase o seu proceso asistencial, cando se comprobase que a situación clínica do/a paciente non melloraría, prolongando a súa estadía, ou cando a complexidade do proceso aconselle o seu traslado a un centro de referencia.

- 6.** Deixar constancia por escrito, se é o caso, da negativa a ser informado.